

Bases para a “XIII Baixada de Carros de Bolas de Freixo”

1. A baixada terá lugar o sábado 3 de setembro de 2011 a partir das 16 horas.
2. O prazo de inscrición remata o día 3 de setembro ás 13 horas, podes inscribirte no mesmo día ou con anterioridade nos seguintes teléfonos:

655585373 (Carlos)
661655741 (Thais)
3. De 11 horas a 13 horas faranse as verificacións dos carros. Será obrigatorio que dispoñan de freos e que non teñan ningún elemento que ofrezca perigo tanto para eles como para os espectadores.
4. Cada persoa aboará a cantidade de inscrición de 5€
5. Faranse as seguintes Categorias:

Rodamentos individual ata 16 anos.
Rodamentos individual dende 16 anos.
Rodamentos colectivo ata 16 anos.
Rodamentos colectivo ata 16 anos.
6. Correranse dúas mangas por cada categoría:

Individual para clasificación por tempos.
Carreira segundo clasificación individual.
7. Queda prohibido baixar ou empurrar o carro durante a carreira, excepto no tramo indicado.
8. Quedará descalificado todo corredor que reciba axuda do público para coller velocidade.
9. E obrigatorio o uso de guantes, xeonlleiras, protección para os codos e casco durante toda a baixada.
10. A organización non se fará cargo dos danos que poidan sufrir o corredor durante a súa participación na proba.
11. Estas normas son de obrigado cumprimento e o corredor que as infrinxa será automaticamente descalificado.
12. A organización reservase o dereito de modificar calquera destas normas.
13. O público terá prohibido molestar a calquera dos corredores durante as baixadas, así como traspasar as vallas de protección.
14. Ao rematar a carreira farase a entrega de trofeos, premiarase velocidade, orixinalidade, espectacularidade, etc.
15. A estrada de San Xoán permanecerá cortada ao tráfico a partir das 15:30 horas e ata as 21:00 horas, dende a capela de San Xoán ata o Cruceiro.